

**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

**PROPOSTA DA ALCALDIA Ó PLENO PARA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO  
CONCELLO DE XERMADE 2016**

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2016 do Concello de Xermade , esta Alcaldía propón que o Pleno municipal adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2016 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de **1.546.830,89 € (UN MILLÓN QUIÑENTOS CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS TRINTA EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS )**, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS 2016</b>	<b>ORZAMENTO DE INGRESOS 2016</b>
<b><u>OPERACIÓNS CORRENTES</u></b>	<b><u>INGRESOS CORRENTES</u></b>
<b>CAPITULO 1 312.954,96</b>	<b>CAPITULO 1 448.000,00</b>
<b>CAPITULO 2 1.013.841,92</b>	<b>CAPITULO 2 10.000,00</b>
<b>CAPITULO 3 4.300,00</b>	<b>CAPITULO 3 191.900,00</b>
<b>CAPITULO 4 39.550,00</b>	<b>CAPITULO 4 813.510,73</b>
-----	<b>CAPITULO 5 1.100,00</b>
<b>Total Gastos Correntes: 1.370.646,88</b>	<b>Total Ingresos Correntes: 1.464.510,73</b>
<b><u>OPERACIONES CAPITAL</u></b>	<b><u>INGRESOS DE CAPITAL</u></b>
<b>CAPITULO 6 166.538,41</b>	<b>CAPITULO 6 -----</b>
<b>CAPITULO 7 -----</b>	<b>CAPITULO 7 82.320,16 €</b>
<b>CAPITULO 8 -----</b>	<b>CAPITULO 8 -----</b>
<b>CAPITULO 9 9.645,60 €</b>	<b>CAPITULO 9 -----</b>
<b>Total Gastos Capital: 176.184,01 €</b>	<b>Total Ingresos Capital: 82.320,16 €</b>
<b>TOTAL GASTOS: 1.546.830,89 €</b>	<b>TOTAL INGRESOS: 1.546.830,89 €</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2016, tal e como son presentadas.

**TERCEIRO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**CUARTO.-** O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**QUINTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉXTO .-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

Xermade, 28 de xaneiro de 2016.



Asdo.-Roberto García Pernas